

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	IES A Guía	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES "A Guía" situado en Vigo.

O IES A Guía atópase no barrio de Teis, na periferia de Vigo. O barrio está composto maioritariamente por familias traballadoras con ingresos por debaixo da media. Está situado a o pe do Monte da Guía, na ría de Vigo, preto da factoría naval de Vulcano, e como se indica previamente forma parte dun contexto de poboación de clase traballadora.

O alumnado da ESO que accede ao centro faino maioritariamente por proximidade ao domicilio (centros adscritos) ou por ser desprazado doutro centro. En Bacharelato, pola contra, contamos con máis variedade: continuidade dos estudos de secundaria de alumnos/as do propio centro, de centros privados ou ben doutros públicos. No caso da formación profesional o alumnado é moi amplo e heteroxéneo, dependendo da etapa educativa, achegándose moito ao doutros concellos con menor oferta educativa. Pódese concluír que hai unha grande heteroxeneidade e diversidade sendo maioritariamente urbano.

Asimesmo, é relevante sinalar que estes últimos anos o centro está recepcionando alumnado procedente dos fluxos migratorios que están chegando a nosa contorna, fundamentalmente de Hispanoamérica (Venezuela, Colombia, Perú...).

O grupo seleccionado de 4º ESO, está composto por 7 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 15 e os 17 anos. Destes sete alumnos dous deles son de procedencia hispana (Venezuela) e incorporáronse por primeira vez ao noso sistema educativo ao longo do mes de outubro, xa iniciado o curso.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como se elabora un periódico semanal dixital.	Cada membro do grupo fará a escolla de diversas temáticas de traballo e a súa posterior planificación e elaboración. Previamente abordarase o proceso de elaboración dun xornal dixital, tanto nos seus aspectos formais como de contido.	30	12	X		
2	A noticia xornalística. A Redactar!	.Redacción do corpus de artigos do periódico	40	13		X	
3	A enmaquetar e editar!	Diseño, enmaquetado e edición do periódico..	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como se elabora un periódico semanal dixital.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do proxecto que se vai abordar: a elaboración dun periódico como ferramenta fundamental nos estados democráticos, característica que determina que sexa considerado como o 4º poder nas democracias liberais.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do periódico.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	A noticia xornalística. A Redactar!	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas previamente.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	A enmaquetar e editar!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación dos artigos editados no periódico.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Elaboración dun periódico semanal ou magazine dixital".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura e a arte, a política e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. O proxecto será realizado, alternando traballo individual do alumnado e grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: reflexionar sobre o papel da prensa e os medios de comunicación nas sociedades democráticas considerados como o "4º poder". Igualmente abordarase as diferentes fases e elementos que permiten a elaboración dun periódico de carácter semanal, que terá como u dos seus obxectivos tratar temáticas vinculadas aos intereses específicos do alumnado que participa no proxecto.

Como exemplos destas temáticas:

- Racismo e xenofobia.
- Homofobia e persecución a minorías.
- Discriminación por diversidade funcional.
- Violencia de xénero e desigualdade.
- Explotación laboral.
- Actualidade:política, cultural, deportiva...

Recompilarase información sobre a temática escollida. Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar. Iniciarase nesta avaliación a elaboración dos artigos que constituirán o xornal que será editado e publicado online na 3ª avaliación

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, levarase a cabo a elaboración na súa totalidade do corpus de artigos do periódico..

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará o produto final do proxecto, enmaquetando, editando e publicando o xornal dixital.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...).
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...).
- Matemáticas (deseño e enmaquetado do xornal...).
- Economía (traballo sobre temáticas relativas a produción e distribución de bens, diferentes sistemas productivos económicos...).
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquedas de información en rede, presentación dixital do proxecto).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (reflexión sobre o respecto ás tres xeracións de dereitos humanos, integración de valores relativos a empatía, solidariedade...).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador con acceso a internet.
Documentación e ligazóns publicadas no curso virtual da materia aloxado na plataforma virtual educativa "AULA CESGA".
Materiais procedentes da Biblioteca do centro(libros, xornais, revistas, Dvds...).
Caderno da materia.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante todo o curso será a aula de Relixión, destinada polo seu tamaño a desdobles de grupos pequenos. O alumnado disporá do seu portátil para levar a cabo o proxecto. A profesora terá, asimesmo, un ordenador de mesa. Trátase dunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. A chegada de alumnado procedente doutros sistemas educativos esixe, en maior grao, valorar o nivel de desenvolvemento das competencias clave do mesmo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo que creará a base teórica na que se edifique o proxecto do plan de traballo, escolla do tema e xustificación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información recompilada e arquivada (reportaxes, artigos de investigación, noticias de actualidade, entrevistas...).
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Edición e presentación do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo asociadas aos anteriores procedementos. Nestas listas de cotexo avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais

A aplicación dos criterios de cualificación implementarase segundo a seguinte ponderación:

- ter feitas todas as actividades que se planificaron, e entregadas ,en prazo, en AULA CESGA, 80%.
- observación do traballo diario na aula, participación activa na clase, asistencia, etc., 20 %.

Criterios de recuperación:

No caso de que o alumnado non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo, dificultando o desenvolvemento do proxecto, e suspendendo, por tanto, a avaliación correspondente, terá que realizar unha proba obxectiva escrita, a cal constará de distintas preguntas sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto., a documentación para preparala estará publicada no curso virtual da materia aloxado en AULA CESGA.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas ou máis avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba obxectiva escrita final sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto..

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, cando sexa pertinente, serán deseñadas metodoloxías de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

O departamento de Orientación non comunicou a existencia de alumnado NEAE neste grupo, porén dada a presenza de alumnado inmigrante que se incorpora por primeira vez ao noso sistema educativo implementaranse metodoloxías de traballo que atendan a esta diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ás "Xornadas sobre activismo social en Vigo".	Xornadas nas que se pretende visibilizar o traballo que fan diferentes colectivos e organizacións., na nosa contorna en relación a complexa realidade socioeconómica de Vigo.		X	X

Observacións:

O alumnado do grupo asistirá como participante as xornadas citadas e posteriormente terán que elaborar un artigo informativo sobre as mesmas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.

Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados